

ESCRIBIR UN RELATO

Un obradoiro de escritura coordinado por Fernando Ontañón na FUNDACIÓN



LUIS SEOANE



29 de **xaneiro** | 9 de **abril**

presencial | online

Como enfrontarnos ao papel en branco? Como xurde a historia dun relato? De onde extrae o escritor a materia das súas ficcións? Cal é o mellor xeito de comezar unha narración, cal pode ser o final máis axeitado...? Neste obradoiro imos aprender a escribir escenas, a debuxar personaxes e a desenvolver diálogos verosímiles para poder escribir un relato literario. Compartir os nosos textos e ler o que outros escriben axudaranos a mellorar. Porque o autor escribe, pero a súa ferramenta principal é o bagaxe das súas lecturas.

Datas

XANEIRO: mércores 29 (online)

FEBREIRO: mércores 12 (presencial) e mércores 26 (online)

MARZO: mércores 12 (online) e mércores 26 (online)

ABRIL: mércores 9 (presencial)

HORARIO: 19:30 a 21:30 horas PREZO: 100 €

Tanto as sesións presenciais (a segunda e última sesión) como oline realizaranse co grupo na propia Fundación Luis Seoane. Nas sesións online só se conectará en remoto o coordinador. As datas online e presencial do coordinador poderían variar.

Lectura

Antonio Tabucchi. *Sostiene Pereira* (Anagrama, 1995)

Fernando Ontañón

Escritor e redactor independente. Colaborador habitual en prensa, é autor do libro *Relatos invisibles* (Carena, 2010) e das novelas *El periodista despedido* (Ézaro, 2014) coa que obtivo o X Premio de Novela Corta Dulce Chacón, *El orden invisible de las cosas* (Ézaro, 2016), *Mi vida en otra parte* (Bala Perdida, 2019), *Emboscados* (Bala Perdida, 2022) e *Los sueños heroicos* (Bala Perdida, 2024).

Formulario de inscrición

Nome e apelidos

Enderezo

Correo electrónico

Sinatura

Por favor, envíe este formulario cumprimentado cos seus datos xunto co xustificante de pago ao enderezo info@fundacionluisseoane.gal. Grazas. **Nº de conta:** Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal